

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE SOCIOS E SOCIAS DO MUSEO DO POBO GALEGO

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2017

RELACIÓN DE ASISTENTES:

D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado,
D. Xosé Manuel González Reboredo, presidente da Xunta Reitora,
D. Carlos García Martínez, director do Museo do Pobo Galego,
D^a. María Xosé Fernández Cerviño, subdirectora do Museo do Pobo Galego,
D. Lino Lema Bouzas, tesoureiro da Xunta Reitora,
D. Clodio González Pérez, vogal da Xunta Reitora,
Asociación C.H. La Montañesa,
D^a. Carmen Alborés Maceiras,
D. Juan Conde Roa,
D^a. Esperanza Delgado Rosende,
D. Santiago Bermejo Díaz de Rábago,
D^a. María José Bóveda Fernández,
D^a. Ana Estévez Lavandeira,
D. Severiano Fernández Hervías,
D. Carlos Gómez Bermúdez,
D. José Manuel González Monje,
D. José María Laredo Cordonié,
D^a. Estefanía A. Lodeiro Paz,
D^a. Rosa Martínez Ferreiro,
D. Luís Martul Tobío,
D. Xoán Xosé Molina Vázquez,
D. Eduardo Otero Iglesias,
D^a. M^a. José Pinilla López,
D. Fernando Pintos García,
D^a. María Jesús Fortes Alén,
D^a. Xulia Vázquez Randulfe,
D. Xosé Ignacio Vilaseco Vázquez,
D. Tino Viz Otero, e
D. Francisco J. Sanjiao Otero, secretario da Xunta Reitora

DESCULPAN A AUSENCIA:

D. Xaquín Penas Patiño, e
D. David Conde Lourido.

En Santiago de Compostela, a 6 de maio de 2017, no Museo do Pobo Galego, celébrase Asemblea Xeral Ordinaria de socios e socias, que dá comezo ás 11:30 horas en segunda convocatoria, baixo a presidencia de D. Justo Beramendi González, presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, coas asistencias e desculpas de ausencias arriba relacionadas.

Abre a sesión o presidente da Asemblea quen, despois de expresar o agradecemento aos patrocinadores e socios protectores do MPG, procede a tratar a orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DO 14 DE MAIO DE 2016, E DA ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DE SOCIOS E SOCIAS DO 4 DE ABRIL DE 2017

En cumprimento do acordo da Asemblea Xeral celebrada o 8 de maio de 2010, a acta estivo a disposición dos socios e socias no portal dixital do Museo, e foi remitida dixitalmente aos socios e socias de quen consta o enderezo electrónico.

Corrixíuse un erro no nome dunha persoa na lista de asistentes, o da socia D^a. Carmela Silva.

2. ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DOS SOCIOS E SOCIAS NO PADROADO E NA XUNTA REITORA.

En cumprimento do disposto na normativa do MPG, iniciouse o procedemento para a elección de cinco representantes dos socios e socias na Asemblea Xeral do Padroado que cesan no seu mandato, e que viñan sendo ocupados por:

- D^a. Esperanza Delgado Rosende.
- D^a José Manuel González Monje.
- D. Montserrat Serodio Alonso.
- D^a. Mari Vega Cerqueiro.
- D. Tino Viz Otero.

Tamén hai que cubrir dous postos de representante vacante por renuncia voluntaria de quen o ostentaban, D^a. Estefanía Lodeiro Paz e D. Xosé Antón Silveira Rodríguez. Neste caso ao ser postos en substitución, correspóndelles só por completar o mandato orixinario, polo que só terán un mandato de 2 anos e cesarán no 2019.

Remitida a documentación pertinente o 23 de marzo de 2017, abriuse o prazo de presentación de candidaturas até o día 30 de abril, no que se presentaron en tempo e forma:

- D^a. Esperanza Delgado Rosende.

O secretario da XR verificou que a candidatura presentada reúne os requisitos establecidos no artigo 28 dos Estatutos do Padroado do Museo do Pobo Galego e figura na lista de socios elixibles, polo que procede á proclamación da mesma. Segundo o disposto no artigo 18 do Regulamento de Réxime Interno do Padroado do MPG, ao ser inferior o número de candidatos presentados ao número de vacantes existentes, procede a súa proclamación como representante dos socios e socias no Padroado.

Ao quedar aínda vacante 4 postos cun mandato de 4 anos e 2 postos cun mandato parcial de 2 anos, o secretario pregunta se calquera dos presentes na Asemblea quere presentar persoalmente a súa candidatura. Preséntanse :

- D María del Carmen Alborés Maceiras
- D. Xoán Xosé Molina Vázquez.
- D. Fernando Pintos García.
- D.Luís Martul Tobío.
- D. Santiago Bermejo Díaz de Rábago (por dous anos)
- D^a Rosa Martínez Ferreiro (por dous anos).

Ao non ser superior o número de candidaturas presentadas ao número de postos vacantes, o secretario levanta acta da elección e o presidente da Asemblea proclama como representantes de socios e socias no Padroado do MPG aos candidatos presentados.

A continuación cómpre proceder á elección de vogais representantes dos socios e socias na Xunta Reitora entre quen foron nomeados representantes. Cómpre cubrir unha praza de vogal entre as 5 persoas elixidas representantes no Padroado para un mandato de 4 anos, polo mesmo prazo; e entre as outras 5 persoas representantes no Padroado até o 2019 cómpre cubrir outra praza. Á pregunta do secretario, presentouse unha única candidatura para cada quenda, que foi proclamada como vogal en representación dos socios e socias na XR.

- D. Eduardo Otero Iglesias. XR por dous anos.
- D^a. Esperanza Delgado Rosende, XR por 4 anos.

3. INFORME DA XUNTA REITORA DO MUSEO.

D. Xosé Manuel González Reboredo, presidente da Xunta Reitora, consonte coas súas obrigas específicas, comparece ante os socios e socias para presentar o informe enumerando o desenvolvemento da súa actividade no período transcorrido dende a Asemblea de maio de 2016, e destaca que puidemos completar con éxito diversas actividades anunciadas:

Así sucedeu co Simposio “Repensando Galicia. As Irmandades da Fala”, dedicado ao Centenario das Irmandades da Fala, organizado polo Museo coa colaboración de diversas fundacións e institucións e presidido polo profesor e presidente do Padroado D. Justo Beramendi González. Como estaba programado, celebrouse entre o 17 e o 19 de novembro de 2016, contando co patrocinio da Secretaria Xeral de Cultura da Consellería de Cultura. Nel se presentaron máis de 50 relatorios e participaron unhas 150 persoas. Unha vez reunidos os textos correspondentes, estamos pendentes de ser recibidos, o vindeiro 23 deste mes, polo Secretario Xeral de Cultura, D. Anxo Lorenzo, para presentarlle o orzamento da edición, que el se comprometeu a subvencionar.

Tamén en relación co centenario das Irmandades da Fala culminou con éxito o periplo da exposición “Saúde e Terra, irmáns!!”, que percorreu todas as cidades importantes de Galicia. Como é sabido, esta mostra, coproducida polo Museo do Pobo Galego e a Real Academia Galega, contou co apoio decidido da Deputación da Coruña, coa colaboración das Deputacións das demais provincias e coa axuda de diversas institucións.

No capítulo de xestións con diversos organismos públicos e institucións privadas é de sinalar que se consolidaron as achegas económicas ao Museo das Deputacións de A Coruña, Lugo e Pontevedra. En canto á de Ourense, segue abonando a súa cota anual, mais non logramos entrevistarnos co presidente da mesma para tratar de mellorar algo unha axuda económica que está desfasada con respecto ás homólogas antes citadas.

No mesmo sentido de mellorar as contribucións económicas ao Museo, o presidente do Padroado e membros da Xunta Reitora mantiveron unha entrevista co Secretario Xeral de Cultura e outra co Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e membros do seu gabinete. Nestas entrevistas quedou claro que a Consellería non ten previsto nos seus plans para o futuro inmediato mellorar a súa achega anual ordinaria, aínda que o Museo si vai conseguindo, como antes se indicou, algunhas axudas puntuais para actividades como o citado Congreso sobre as Irmandades. Como é lóxico, isto leva

ao Museo a unha situación económica que permite manter o actual nivel de gastos, mais impide calquera reaxuste da súa capacidade de acción.

Con respecto ao Concello de Santiago, o Museo foi visitado polo Sr. Alcalde, D. Martiño Noriega, e seguimos a manter unha relación estable con esta institución, que apoia algunhas actividades relacionadas co XL aniversario do Museo. Están a facer xestións para intentar ampliar o número de entidades que achegan recursos económicos. Houbo ademais algunha axuda en especie, como a prestada pola Cadea SER emitindo pequenos anuncios gratuítos dedicados ao XL aniversario do Museo, tema que se abordará con detalle no punto 5 da orde do día.

Considera tamén oportuno informar que a Fundación Antonio Fraguas segue adiante co desenvolvemento da X edición do Proxecto Didáctico "Antonio Fraguas", con subvención da Secretaria Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura.

Unha importante tarefa levada a cabo no último ano foi a revisión dos Estatutos polos que se rexe o Museo, dos que se deu ampla conta na Asemblea Extraordinaria de Socios convocada no seu día. Despois da súa aprobación polo Padroado do Museo foron remitidos ao departamento correspondente do goberno autónomo para a súa legalización definitiva, estando a día de hoxe pendentes da resposta oficial. Agardamos o seu visado en breve, momento no que entrarán en vigor e producirán distintos cambios na nosa estrutura de goberno e representación.

Finalmente é unha triste obriga lembrar que nos últimos doce meses o Museo tivo unha perda humana moi sentida, a do profesor Fernando Acuña Castroviejo, patrón fundador, colaborador activo en moitísimas actividades, doador de obxectos e bibliografía e vicepresidente do Padroado nos derradeiros anos. Como era obrigado, o Museo organizou unha homenaxe en lembranza súa, pero a memoria sobre el seguirá presente no futuro entre nós.

A continuación o tesoureiro da XR comenta cal é a situación económica do Museo, un elemento que incide e condiciona en gran parte as actividades e o traballo da nosa institución.

O orzamento de 2017 aprobado na XR de decembro presenta un lixeiro crecemento sobre 2016, os ingresos propios acadan o 42,38 % do noso orzamento. Este dato mostra que imos mellorando os nosos ingresos ao tempo que se manteñen constantes sen medrar, os apoios institucionais.

Despois de desagregar os principais gastos e ingresos, destaca que dende a anterior Asemblea de Socios e Socias, tivemos a incorporación de novas empresas como patrocinadoras e socias protectoras, pero non medran todo o que nos gustaría.

Apunta que grazas a actividades I+D conseguimos o apoio puntual de distintas institucións, como o do Parlamento de Galicia nas actividades do simposio Saúde e Terra, Irmá(n)s!, o que implica un incremento da partida de gastos pola súa achega e pola asignación que temos que facer nós a maiores.

En canto a gastos, a partida máis importante é a de persoal, seguida de gastos de actividades, e os custos financeiros derivados da necesidade de acudir ao crédito para dispoñer de liquidez mentres non se libran as subvencións.

En canto ao persoal, tivemos un cadro de 11,35 xornadas. O presidente do Padroado apunta que ademais dos postos retribuídos, dúas persoas, director e subdirectora do Museo, realizan o seu traballo de forma altruísta sen remuneración.

Informa o tesoureiro que o peche do orzamento do exercicio 2016, que presenta un pequeno superávit por primeira vez dende o exercicio 2011, foi aprobado pola XR, e presentárase na vindeira Asemblea do Padroado. Cando se aproben estarán dispoñibles na páxina de transparencia e poderán consultarse.

En canto ao número de novas persoas socias, no 2016 houbo 63 altas e no 2017 levamos a data de onte 34. Dende o inicio das campañas de captación de novos socios e socias houbo 232 altas, aínda que lonxe do obxectivo inicial. Os seus efectos son moi positivos na nosa institución e agárdase seguir nesta liña. Lembra que cabe a posibilidade de facer pago fraccionado se alguén quere aumentar a súa achega repartíndoa en varios pagamentos a través do formulario dispoñible no noso portal dixital.

O presidente do Padroado, abre unha rolda de intervencións, ao non producirse ningunha, pasamos ao seguinte punto da orde do día.

4. INFORME DA DIRECCIÓN DO MUSEO.

Toma a palabra a subdirectora do Museo quen, por delegación do director, procede a presentar o sucinto informe da Dirección e informa que estará a disposición das persoas interesadas na portal dixital para a súa consulta (ANEXO 1).

Quere destacar nesta asemblea, alén das actividades realizadas e que se recollen no informe, a importancia da participación do voluntariado, mesmo a existencia dun equipo consolidado nas tarefas da biblioteca, no funcionamento e nas actividades. Expressa o agradecemento en nome do Museo ás persoas que colaboran e contribúen voluntariamente a realizar o traballo cotián.

Rematada a presentación do informe, ábrese unha quenda de intervencións.

O socio D. Xoán Xosé Molina Vázquez, di que é asombrosa a cantidade de actividades que se celebra cun orzamento tan reducido nesta partida. O presidente concorda, pero entende que esta eficiencia por outra parte é unha arma de dobre fío en canto non conseguimos que nos acheguen máis recursos.

5. CELEBRACIÓN XL ANIVERSARIO DO MPG.

Toma a palabra o coordinador do programa de celebración do XL Aniversario, o tesoureiro da XR, quen, á marxe das moitas actividades xa recollidas nos informes anteriores, especialmente no da Dirección, fai fincapé en varios elementos nos que estamos a traballar até o remate do mesmo, e para os que solicita a participación e difusión das persoas presentes.

Destaca en especial a celebración dun Seminario de Museos de etnografía e antropoloxía, no que están a traballar un grupo de persoas, coordinadas polos patróns D. Felipe Arias, D. Xosé Carlos Sierra, e a socia D^a. Esperanza Delgado. Tamén se está a preparar unha pequena exposición itinerante sobre o Museo para levar a concellos e institucións, coa intención de sacalo á rúa nesta conmemoración.

Comunica que o Foro *O noso pobo. De hoxe noutros corenta anos*, financiado polo Parlamento de Galicia, ten como obxectivo facer unha reflexión dos cambios que se deron no país dende a inauguración do MPG e cales son os retos e desafíos para que se manteña a súa entidade. En xuño haberá dúas sesións no auditorio do Museo “Autogoberno por outros corenta anos”, e “O pobo galego e as súas perspectivas demográficas”; en xullo abordarase o tema “Agro e mar en Galicia contra 2057”; en setembro trasládase á cidade da Coruña, na sede da Fundación Barrié, sobre “Unha nova economía para a Galicia do porvir na industria e nos servizos”; en outubro, “Medio e natureza na Galicia de mañá”; en novembro “Educación e formación dos novos galegos” e rematará en decembro co tema “Identidade contra 2057”. Ademais teñen o obxectivo de trasladar as comunicacións presentadas a unha publicación para que o esforzo destes foros permaneza no futuro.

O presidente do Padroado manifesta que o programa xa se enviou por correo electrónico ás persoas socias e uns días antes de cada foro recibirán un recordatorio para fomentar a asistencia aos actos, que son abertos até complementar aforo.

Sen máis intervencións pasamos ao seguinte punto da orde do día.

5. INFORME DA OFICINA DE SOCIAS E SOCIOS

O representante das socios e socias no Padroado D. José María Laredo Cordonié, informa das actividades realizadas pola Oficina de Socias e Socios ao longo do ano:

- Respecto das actividades realizadas dende a anterior Asemblea:
 1. O 10 de setembro tivo lugar a última xeira organizada por esta oficina, cunha travesía marítima á Illa de Sálvora, coa visita ao Pazo, á antiga fábrica de salga e ao faro, rematando a xeira na *Fundación Museo del Grabado y la Estampa Digital* no lugar de Outeiro-Artes, coas explicacións da súa responsable, D.^a Laura García. Queremos agradecerlle a súa colaboración, así como á patroa D.^a Rosa Méndez.
 2. Respecto da Campaña de captación de persoas socias “Teño un museo”, unha vez realizada a súa difusión a través das redes sociais coa creación dun blogue, presentamos a campaña o 4 de decembro na novena edición do Culturgal que se celebrou no Pazo da Cultura de Pontevedra. Como o noso obxectivo era darlle a máxima difusión, o 9 de xaneiro o alcalde de Santiago, D. Martiño Noriega, acompañado do presidente do Padroado, D. Justo Beramendi, e do fotógrafo e representante dos socios e socias, D. Tino Viz, deron a coñecer nunha rolda de prensa a campaña, que se visualizou nos *mupis* das rúas compostelás durante todo o mes de xaneiro.

O paso seguinte será solicitar a colaboración do resto de concellos socios, para o que seguramente empreguemos os soportes que deseñou e elaborou de balde Escenoset coas fotografías da campaña que están expostas no claustro. Queremos dar as grazas aos medios que se fixeron eco, en especial á *Cadena SER* pola emisión diaria dunha cuña publicitaria, así como ao Concello de Compostela, patrón institucional deste Museo, a Escenoset, a D.^a Ana Estévez, traballadora do museo e a todas as persoas que aparecen retratadas.

3. Rematamos a elaboración da base de datos das fotografías das exposicións “Entre amigos”, co fin de organizar a edición antolóxica especial que inauguraremos, ao remate. Queremos que conste na acta o noso agradecemento pola súa colaboración á socia D.^a Carmen Alborés, ao socio D. Luís Martul e ao persoal do museo, nomeadamente a D. Manuel Vilas e D. David Conde Lourido, a O 16, Cooperativa Campo Cancela, e á Asociación Cultural Meira polas súas achegas ao pincho de hoxe, e ao socio D. Juan Ferrás, pola xestión para que estivera neste acto o grupo de música tradicional, *Os Enxebres de San Lázaro*.
4. Co gallo da conmemoración do 40 aniversario, puxemos en marcha un novo programa chamado “*Parladoiros no Museo*”. Especialistas de diferentes ámbitos instrúen un luns ao mes sobre diversos temas ou salas, de forma que achegan ás persoas socias algunhas claves que lles permitan transmitir a futuras acompañantes datos singulares que consigan que a visita esperte o seu interese polo Museo.

O 13 marzo iniciamos o programa coas explicacións do patrón D. Clodio González na sala do Agro e o 24 de abril tivo lugar a segunda intervención a cargo do socio e traballador do Museo D. David Conde Lourido sobre a arquitectura do edificio e pezas de interese do claustro. Nos vindeiros meses intervirán as patroas D.^a Raquel Casal e D.^a Concha Losada, os patróns D. Manuel Caamaño, D. Francisco Calo e D. Xosé Manuel González Reboredo, así como o socio D. Oli Xiráldez. Queremos que conste na acta o noso agradecemento a todas estas persoas e vos convidamos a que contactedes con nos se tedes interese en compartir o voso saber sobre algún tema ou sala do Museo na vindeira edición deste programa ao que queremos darlle continuidade.

5. O 30 de marzo tivo lugar unha visita guiada a cargo do patrón D. Xosé Ramón Fandiño á exposición “O corazón do barro” na Fundación Granell, a quen lle damos as grazas.
- Respecto das actividades previstas desde a Oficina para os vindeiros meses:
 1. O 17 de maio acudiremos á romaría Raigame en Vilanova dos Infantes, dedicada neste exercicio ao noso Museo, onde atenderemos dous postos de información e venda de materiais e expoñeremos as fotografías da campaña “Teño un museo”. Facémosvos un chamamento para que participedes connosco nestas actividades, pola importancia que teñen na súa función de dinamización e visualización do Museo.
 2. Está en fase de preparación un concurso de curtas co móbil de temática “que representa para ti o Museo do Pobo Galego?” que pretendemos presentar na Mostra Internacional de Cine Etnográfico en xuño e fallar o premio en novembro ou decembro.
 3. E, por último, estamos organizando dúas xeirás que vos comunicaremos polas canles habituais.

O presidente felicita en nome de todos pola gran labor que están a facer dende a Oficina de socios e socias, e tamén fai extensivo o agradecemento da institución ao conxunto de socios e socias, porque son a base social da institución e fan posible que sexamos o Museo do Pobo Galego.

6. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS

Non hai.

O presidente do Padroado agradece aos presentes a súa asistencia e, non habendo máis asuntos, levántase a sesión sendo as 12:45 horas, de todo o que como Secretario dou fe.

Rematada a sesión, procédese á IMPOSICIÓN DA INSIGNIA DE PRATA DO MUSEO A SOCIOS E SOCIAS CON 25 ANOS DE ANTIGÜIDADE na institución.

Reciben a insignia, por cumpriren con tal condición:

- 1036 GABEIRAS VEREZ, XOSE M.
- 1038 FORTES ALEN, MARIA JESUS
- 1039 GARCIA GARCIA, CONCEPCION
- 1041 CONDE ROA, JUAN
- 1043 BERMEJO DIAZ DE RABAGO, SANTIAGO
- 1047 GARCIA RIVAS, PAULA
- 1049 SUAREZ FIGUEIRAS, JUAN
- 1050 BREA VILA, GUILLERMO

A continuación celébrase a inauguración da exposición Retrospectiva Entre Amigos, fotografía etnográfica e antropolóxica de socios e socias do Museo do Pobo Galego, comisariada por D^a Esperanza Delgado e D^a Carmen Alborés.

Vº e praxe, o presidente,

Justo Beramendi González

Fco. Javier Sanjiao Otero

ANEXO 1:

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO MUSEO MAIO 2016 – ABRIL 2017

1. OBRAS E INSTALACIÓNS

A intervención máis destacada é a realizada na tripla escaleira de Andrade, a cargo do Consorcio de Santiago. O proxecto tivo como finalidade levar a cabo as obras de limpeza e reboco da fachada da torre e a reparación das humidades interiores. Está pendente a conservación das monteas existentes no arranque da escaleira.

Todo o persoal técnico e de servizos do Museo veu colaborando regularmente co equipo redactor do Plan Director do conxunto de San Domingos de Bonaval en traballos de documentación e recollida de datos de campo. O documento foi entregado a finais de ano ao Consorcio de Santiago e segue arestora o trámite administrativo para a súa aprobación polo Concello de Santiago e pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Logo de instalar a plataforma elevadora para cadeiras de rodas no acceso á biblioteca, completouse a intervención colocando un antepeito protector nas escaleiras de subida.

Colocouse a instalación de son nas salas de exposicións da primeira planta.

2. COLECCIÓN

As grandes cifras da colección de bens mobles do Museo son as seguintes:

Total rexistros	12.409
Ingresos 2016	130
Doazóns	123
Compras	7

Desde o mes de setembro ingresaron unha gran cantidade de pezas, todas en concepto de doazón, que aínda están en proceso de inventariado, polo que non podemos achegar cifras exactas. As doazóns máis salientables son:

HENRIQUE ORTIZ ALONSO

A doazón componse de dous conxunto ben diferenciados:

- *Gravadores galegos. Obradoiro da Sé (1978-1979)*: que reúne obras de 18 artistas galegos (Laxeiro, Díaz Pardo, Seoane, Xaime Quessada, M^a Antonia Dans e o propio Ortiz, entre outros) Entre pranchas, probas de autor, probas definitivas e exemplares numerados, superan os 60 rexistros.
- *Obra propia de Henrique Ortiz Alonso*: consta, aproximadamente, de 56 augafortes e litografías de datas que van de 1960 a 2005. Inclúe tamén tres cadernos de bosqueños.

FAMILIA CRUCES ARTERO

Un conxunto dunha ducia de pezas de indumentaria dos anos 50 do século XX, que inclúe un traxe de noiva, outro de acristianar e varias chambras e camisolas de bebés.

LEGADO DE FERNANDO ACUÑA CASTROVIEJO

Antes do seu pasamento, o prof. Acuña Castroviejo fixera unha nova contribución de obxectos relixiosos. Despois do seu deceso ingresaron as pezas de indumentaria académica (toga e bonete) e a colección de medallas e placas conmemorativas das homenaxes e méritos recibidos ao longo da súa traxectoria profesional.

O legado inclúe os fondos artísticos de autores galegos como Seoane, Laxeiro, Tomé, Henrique Ortiz ou Arturo Baltar, entre outros.

FAMILIA ACUÑA CASTROVIEJO

Un numerosísimo conxunto (aínda non cuantificado) de pezas de indumentaria de moda internacional da primeira metade do século XX, que inclúe dous traxes de voda, un de acristianar e outro de primeira comunión. Ademais, varios traxes femininos compostos de saia e chaqueta, algúns completos e outros que conservan só unha das pezas; varios vestidos e capas; gran cantidade de pezas de roupa interior tanto enaguas como calzas e corpiños. Tamén veos de ir a misa e mantelas de levar nas procesións. Medias, luvas, colos, zapatos, bolsos e carteiras. Agullas para sombreiros, pendentes de ebonita, broches, medallas e escapularios. Unha colección de 24 abanos, máis dunha ducia de lentes e unha antuca. Cortinas, colchas, toallas, tapetes, fundas de almofadas e de almofadóns.

Hai tamén un traxe para vestirse “de galega” formado por varias pezas nas que destacan un mantelo e un mandil bordados con agremán e con contas de Bristol. Complementan este traxe unha mantela e un dengue e tres mantóns, un de seda bordada, un miriño estampado e un de caxemira.

M^a LUÍSA CARREIRA SOUTO: Un traxe feminino composto de mantela e mantelo e outras pezas de roupa (dous mantóns de seda e outro mantelo).

FAMILIA VILARIÑO PINTOS: un pano de arras de 1898 e varios complementos femininos de moda internacional.

FILLAS DE ROBERTO GONZÁLEZ DEL BLANCO: 6 debuxos da autoría do seu pai de diferentes localizacións de Compostela .

COMPRAS

Xoias e complementos de uso persoal.

Relación de persoas doadoras:

Fernando ACUÑA CASTROVIEJO
Asociación Cultural Meiro – Millo Corvo
M^a Luísa CARREIRA COUTO
CAXIGUEIRO, Daniel RIO RUIBAL
Esperanza DELGADO ROSENDE
Andrés DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ

FAMILIA ACUÑA CASTROVIEJO
FAMILIA CARBALLO ARCEO
FAMILIA ROBERTO GLEZ. DEL BLANCO
FAMILIA VILARIÑO PINTOS
Pepa REY CASTIÑEIRAS
Belén SÁENZ-CHAS DÍAZ

PRÉSTAMOS A EXPOSICIÓNS

Confío en Galicia: vestir Galicia, vestir o mundo. Fundación Cidade da Cultura. Museo Centro Gaiás.

Galicia 100. Obxectos para contar unha cultura. Consello da Cultura Galega.

Á luz do Calixtino: o códice de Santiago. Turismo de Galicia: capitel duplo gótico.

Ciclo temático sobre Xesús Taboada Chivite. Biblioteca Pública Municipal de Verín: lupa contafigos, cinta métrica e prismáticos.

Na procura da historia. Orixe e desenvolvemento da arqueoloxía en Ourense. Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense: cámara fotográfica de Xaquín Lorenzo.

Da árbore á cadeira. Fundación Cidade da Cultura. Museo Centro Gaiás. De novo, a Cidade da Cultura recorre ás coleccións do Museo do Pobo Galego para complementar as súas exposicións temporais. Nesta ocasión, a nosa contribución ten un carácter ben definido, posto que se trata dunha sección específica onde se mostra unha ampla selección de pezas, que inclúe a colección de tipos de madeira formada por don Xaquín Lorenzo Fernández. A colaboración de Belén Sáenz-Chas, responsable das coleccións do MPG, foi determinante para montar esta parte da exhibición.

CONSULTAS E REPRODUCCIÓN DE FONDOS

Total consultas: 36

Tipo de solicitantes: Universidade: 15
 Outras entidades: 11
 Particulares: 7
 Empresas: 3

Universidades: Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo, Universidade Complutense de Madrid, Universidade de Alacante, Universidade de Huesca e Universidade de Brandenburg. Consultas tanto de profesores como de alumnos para teses de doutoramento ou traballos de fin de máster.

Entidades: Museo del Traje de Madrid, Museo do Traxe de Ordes, Consello da Cultura Galega, Cidade da Cultura, Consorcio de Santiago, Fundación Luis Seoane, Biblioteca Pública Ánxel Casal, Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, Concello de Catoira, Museo de Pontevedra.

OUTROS

Visita especializada para o alumnado de ESDEMGA (Estudios Superiores en Deseño Téxtil e Moda de Galiza) da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. Explicación teórica na sala de indumentaria e práctica con varias pezas de vestir que se gardan nas salas de reserva.

3. BIBLIOTECA

INGRESOS

Neste período os ingresos foron amplos e variados, continuando así o incremento de fondos bibliográficos e documentais. Entre eles cómpre mencionar dous de especial entidade:

- Mercedes Rozas, patroa e recoñecida crítica de arte fixo unha importante doazón de libros de arte contemporánea con numerosas referencias á arte galega.
- A Editorial Tristram, recentemente pechada, achegou unha importante parte do seu fondo editorial a través de don Francisco Sanjiao.

Tralo falecemento de Fernando Acuña Castroviejo, e seguindo a súa vontade, a meirande parte da súa biblioteca quedará no Museo, da que daremos debida conta no próximo exercicio.

Agradecemos á Editorial Positivas o lote de libros da súa produción que nos fixo chegar ao Museo o cal, xunto aos libros, revistas e folletos das achegas de Clodio González Pérez, fan que a biblioteca siga a medrar, ademais das doazóns de autores que como Mariño Ferro, Beramendi, González Reboredo, Arribas e outros, recibimos na Biblioteca.

Así mesmo, o arquivo viuse ampliado polas doazóns de Manuel Caamaño Suárez, formadas por documentos referentes ao asociacionismo cultural en Galicia na segunda metade do século XX. Carlos Javier Iglesias Castelao, doou ao Museo os documentos producidos por unha familia da parroquia de Coedo, Allariz, durante os dous últimos séculos.

MONOGRAFIAS

Doazóns	896
Adquisicións	5
Intercambios	97
Total volumes ingresados	998
TOTAL REX. BIBLIOGRÁFICOS	63.135

TOTAL VOLUMES	74.475
---------------	--------

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

Novos títulos	5
Total de revistas (incluíndo prensa)	2.288
Revistas en curso	160
TOTAL DE EXEMPLARES	46.016

PROCESO TÉCNICO E RECURSOS HUMANOS

A escaseza de persoal segue a ser significativa, mais esta carencia vese en parte mitigada pola axuda desinteresada de persoal vinculado ao Museo, así como por colaboracións e voluntariado externo.

Mariví Pardo Gómez, asistida por M^a Josefa Cacheiro Gallego, continuou coa catalogación da Biblioteca Baltar e coa taxación do fondo antigo, ademais de axudar na elaboración de informes sobre os fondos do Arquivo.

Encarna Otero Cepeda e María Tilve Costas están levando a cabo unha exhaustiva catalogación de exemplares da prensa antiga de Galicia (1800-1950).

Ana Mateos Vara está organizando o arquivo de maneira que se poda visibilizar a través da rede.

Carme López Beiras está a seleccionar e elaborar as fichas para a próxima exposición da Biblioteca Baltar.

Rosa Martínez Ferreiro colabora nos labores de dixitalización de fondos bibliográficos e arquivísticos.

Tania M^a Suenia Insua incorporouse a finais de xullo. Especializada en restauración en papel, fixo a limpeza dunha parte do fondo epistolar do arquivo Lojo Lestón e a limpeza dunha carta náutica da colección de Clodio González Pérez.

Desde o mes de outubro contamos coa colaboración de Olalla Cabaleiro Fernández, que está axudando na clasificación da recen chegada biblioteca de Acuña Castroviejo.

Ademais, contouse coas colaboracións puntuais de J. Ignacio García Fernández, Antonio Lorenzo Fraiz, Andrés Díaz Pazos e Manuel Rial.

A Biblioteca favorece e exerce tarefas de formación con aquelas persoas que, estando a cursar mestrados ou cursos de especialización, precisan, sen embargo, de prácticas que lles amosen o decorrer cotián dun centro. Este anos estiveron con nós: Nerea Terceiro Sanmartín, Carlos Varela, Xeila Lueiro, Jesús Fernández, Ana Sampedro e Marta Blanco, Lara María Adán García da USC e Montserrat Vázquez Riveiro da empresa Academia Postal.

SERVIZOS E ACTIVIDADES

Consultas: O acceso ao catálogo desde o OPAC, ascendeu a 11.013 visitantes, aos que hai que engadir os 366 usuarios/as presenciais que consultaron 2.000 monografías e 160 revistas, ademais dos fondos documentais de X. Lorenzo, Blanco-Cicerón e Taboada Chivite.

Centros de traballo e procedencia dos usuarios:

- Biblioteca Ánxel Casal, Biblioteca de Galicia (Centro Gaiás), Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento" e Real Academia Galega.
- Museo MARCO (Vigo).
- Centro Ramón Piñeiro.
- Fundación Juana de Vega: Escola Galega da Paisaxe.

- Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña, Complutense (Madrid), Oviedo, Sevilla, Università G. D'Annunzio de Pescara (Italia), U. de Birmingham, U. de Galway (Irlanda), U. do Porto (Portugal), e U. de Santa Bárbara, California.
- EASD Mestre Mateo, Santiago.
- Empresas: MaOs innovación social, SX, Trivium ECT e RdO.

Préstamo e reprodución de fondos:

- Museo Prov. de Lugo, documentos do Fondo Blanco-Cicerón.
- Biblioteca Cidade da Cultura, exemplares de *Vida Gallega* para dixitalizar.
- Museo Arq. Prov. de Ourense, reprodución de documentos de Xan da Coba.
- BITAGAP o documento coñecido como “*Códice de López Ferreiro*” do fondo Blanco-Cicerón para incluílo na base de datos *PhiloBiblon*.

Colaboramos co Centro Galego de Arte Contemporánea con préstamo de fondos para a exposición *Coleccións públicas e privadas*, inaugurada no mes de xuño.

Nos mes de outubro inaugurouse na Biblioteca Concepción Arenal da USC a exposición *Luís Porteiro Garea. Verbas dun loitador*, na que están en préstamo fondos do Museo.

Do Concello de Ribeira recibimos a solicitude de reprodución para edición facsímile do libro de Manuel Lustres Rivas, editado en 1917, *Pandemonium*, do fondo Fraguas.

Colaboramos na homenaxe que no mes de novembro se lle fixo a don Xesús Taboada Chivite na Biblioteca de Verín, dixitalizando as cartas e fotografías que figuran nos fondos de A. Fraguas e X. Lorenzo.

Buscamos referencias bibliográficas para investigadores procedentes das universidades de Santiago, A Coruña e Vigo; do departamento de arqueoloxía da Deputación de Pontevedra e para o Conservatorio de Música de Santiago. Do mesmo xeito, foron requiridos estes servizos bibliográficos por parte da empresa Zeta Arqueoloxía S.L.

Ademais de cumprir coas tarefas propias, desde a biblioteca realizáronse dúas mostra bibliográficas: a do Día das Letras Galegas, dedicada a Manuel María, e mais “O papel da festa”. Delas dáse conta no capítulo correspondente.

4. EXPOSICIÓNS

Entre maio e decembro de 2016 organizáronse seis exposicións temporais:

- ***Letras Galegas 2016. Manuel María***

Durante o mes de maio, mantívose a exposición bibliográfica dedicada ao autor homenaxeado no Día das Letras Galegas deste ano. A mostra está organizada pola Biblioteca do Museo, coa colaboración de Manuel Rial. Achegaron fondos María Tilve, Encarna Otero e Uxía Senlle.

- ***Saúde e terra, irmá(n)s!***

En coprodución coa Real Academia Galega, co patrocinio da Deputación da Coruña. A mostra presenta unha selección das accións, os logros e os protagonistas nas diferentes dimensións daquela empresa, aparentemente pequena no seu tempo, pero xigantesca polos seus froitos a longo prazo. Logo de exhibirse no Museo viaxou a Pontevedra, Vigo, Ourense, Lugo, e en 2017 continúa o seu periplo polas cidades e vilas de Galicia.

- ***O papel da festa***

Mostra organizada durante o verán pola Biblioteca do MPG con materiais das coleccións propias sobre as festas tradicionais e populares.

- ***Oficios entre lusco e fusco***. Fotografía de Xosé Abad

En coprodución con AFundación. Xosé Abad presenta unha panorámica sobre a desaparición de moitos oficios pola mecanización do traballo e a produción en masa para unha sociedade de

consumo, coa luz, coas miradas, coa roupa, co espazo de traballo, e con todos os elementos que reflicten un modo de vida nun intre de cambios.

- **Muro.** Escultura de Xurxo Oro

En colaboración co Concello de Allariz. Xurxo Oro Claro reflexiona, de xeito central, sobre a situación das persoas inmigrantes e refuxiadas que foxen das guerras e da fame.

- **Míticos no leito.** Pintura de José Manuel Méndez

En colaboración coa Deputación de Lugo. Unha galería de retratos de persoas vinculadas ás Artes Escénicas, representando diversos personaxes mitolóxicos co peculiar realismo figurativo de Méndez.

No período que vai de xaneiro a abril de 2017, xa en plena programación do 40º aniversario do Museo, producíronse as seguintes exposicións:

- **O corazón do barro**

A mostra que abre o aniversario realizouse nas salas do Museo Eugenio Granell, no Pazo de Bendaña, para lembrar aquela exposición certame de oleiros, auspiciada por Luciano García Alén e María García Ayaso, que se exhibiu no que era daquela Círculo Mercantil a modo de carta de presentación do recién constituído Padroado do Museo do Pobo Galego. Esta exposición foi comisariada polo patrón Xosé Ramón Fandiño.

- **A Idade do Ferro**

Fotorreportaxe realizada por José M. Salgado entre 2014 e 2017 sobre o traballo tradicional dos ferreiros na zona oriental de Lugo e mais no occidente de Asturias

- **Unha punta de Europa. Victoriano García Martí**

Comisariada pola patroa e bibliotecaria do Museo, Rosa Méndez, e mais polo director do Museo Valle-Inclán da Pobra do Caramiñal, esta exposición recupera a figura de Victoriano García Martí, intelectual e erudito, cuxa traxectoria deu conta do seu compromiso vital cunha Galiza atlántica que, no cultural e literario vinculou con Portugal, sempre na procura dunha identidade propia no marco da España e Europa do seu tempo.

- **2 maio-25 xuño O espello do mar**

Inaugurada esta mesma semana, comisariada polos patróns Clodio González Pérez e Rosa Méndez, presenta unha selección dos interesantísimos fondos da Colección Clodio González Pérez, con documentos que van desde o século XVII ao XX.

Tamén temos a punto unha mostra itinerante sobre o Museo, a modo de carta de presentación, baixo o título **Un museo, miles de historias**, que é un dos lemas escollidos para o aniversario. Presentarase en Vilanova das Infantes o próximo 17 de maio, na romaría Raigame, que por decisión da Deputación de Ourense se dedica este ano ao Museo.

E hoxe inaugúrase a retrospectiva de **Entre amigos**, da que se dará conta no punto correspondente ao informe da Oficina das socias e socios.

5. EDUCACIÓN E ACCIÓN CULTURAL

A acción educativa e sociocultural tenta chegar a todos os segmentos de usuarios e usuarias do Museo. Desde o Departamento de Educación e Acción Cultural, organizamos este cometido en tres liñas de actuación: o público cativo que adoita usar o Museo en grupos organizados, e onde o máis numeroso é o público escolar seguido moi de cerca polas persoas adultas maiores; o público libre para o que deseñamos e ofrecemos actividades de diversa índole, sempre deseñadas por nós pero executadas tanto polo DEAC como por empresas externas; e a xestión da comunicación cos nosos públicos a través das redes sociais.

Para os grupos organizados, botamos a andar en outubro a nova programación. A que máis variou ao respecto doutros anos foi a dirixida ás escolas. Para o curso 2016-2017 contamos con novas propostas, entre as que se inclúen actividades autónomas para aqueles grupos aos que o DEAC

non pode atender directamente no Museo, e dúas propostas específicas para traballar coas escolas sobre o Monte e sobre o Baile.

Outras **accións didácticas** para grupos ou colectivos organizados foron:

- Inclusión do Museo como recurso no proxecto educativo do Colexio Cluny de Santiago de Compostela, con distintas accións para todos os cursos desde 1º de primaria a 1º da ESO.
- Formamos parte das entidades que acolleron o **VII Campionato nacional de cálculo con ábaco** que se celebrou en xuño en Santiago de Compostela e na que participaron catrocentos escolares de todo o estado.
- Conmemoración do **Día da Música**, o 21 de xuño, en colaboración coa Escola de Música Play e concerto do seu alumnado no Museo.
- Publicación dixital da **guía “Estimulando a memoria desde o Museo do Pobo galego. O folclore como recurso na estimulación cognitiva”** para o colectivo de persoas afectadas por demencias tipo Alzheimer. A guía, froito do traballo desenvolvido desde 2006 en colaboración coa Asociación Galega de Axuda aos Enfermos con Demencias tipo Alzheimer (AGADEA), realizárona Carme Campo Martínez, técnica do DEAC, e Beatriz Rey Mourelle, terapeuta de AGADEA.

En actividades dirixidas aos diversos públicos adultos na liña da divulgación e sensibilización cara ao patrimonio do que o Museo se ocupa, propomos diferentes actuacións, que van desde a formación ate a música e o cine. Algunhas destas actividades no ano 2016 foron:

- Dentro das actividades do **Día Internacional dos Museos (DIM)**, seguimos a **celebrar a efeméride conxuntamente** co Museo das Peregrinacións, Museo Granell, CGAC, Museo Catedral, MUPEGA, Museo de Historia Natural da USC e o Museo Casa da Troia que se sumou este ano á iniciativa. O lema que propuxo o ICOM para este DIM foi *Museos e paisaxes culturais* polo que a acción conxunta centrouse nesta temática, saíndo as rúas de Compostela cunha peaña na que as persoas puideron fotografarse como se de pezas de Museo se tratan. Para a reportaxe fotográfica e o rexistro en vídeo contamos coa colaboración da EASD Mestre Mateo e o CPR O Raio Verde. Na **celebración do DIM contamos tamén co concerto de “Fuliada na Vila”**, unha formación saída da sección de Jazz do Conservatorio Superior de Música da Coruña, que trouxo ao Museo *Do blues ao alalá*, un repertorio con aires jazzísticos, baseado en retallos do arquivo de Dorothe Schubarth que forma parte na actualidade do APOI (Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade).
- Do 13 ao 18 de xuño celebrouse a **11ª Mostra Internacional de Cine Etnográfico (MICE)** que nesta edición pasou ser certame internacional con tres premios: Mellor película, Mellor produción galega e Premio do público para os que competiron vinte filmes de diversas nacionalidades. O xurado, constituído por cinco persoas do ámbito do audiovisual e das Ciencias Sociais, Lourdes Méndez, Xosé Carlos Sierra, Encarna Otero, Mónica Ares e Sabela Pernas outorgaron o premio a mellor película a “Muros” de Pablo Iriburu e Migueltxo Molina, á mellor galega a “O tesouro de Corcoesto” de As proxeccións desenvolvéronse en tres sedes: o propio Museo, o Salón Teatro e o Teatro Principal. Este traslado da MICE fóra dos muros da cidade deulle máis relevancia e difusión tanto a propia MICE como ao Museo.
- No mes de xullo co gallo da exposición **“Saúde e Terra, Irmá(n)s”** leváronse a cabo tres obradoiros de tipo familiar ao redor da mostra tentando dar a coñecer, de xeito didáctico e divertido, esta exposición sobre as Irmandades da Fala.
- Celebración do 19 de outubro da **2ª Biblioteca Vivinte “Tesouros Vellos para xente nova”** dirixida a alumnado universitario e de ciclos superiores de formación profesional. Nesta ocasión reserváronse algunhas prazas para inscrición libre xa que, despois da primeira, houbo persoas que nos solicitaron esta posibilidade. Case un centenar de “lectores e lectoras” puideron acceder aos libros vivos que nesta ocasión foron a zoqueira Elena Ferro, a música Sés, a agricultora en ecolóxico Belén Fervenza, a costureira Mari Carmen Lavandeira, a Maruxa de “Os Rosales” de Rianxo, o chef da Horta do Obradoiro Kike Piñeiro, o narrador e poeta Celso Fernández Sanmartín e o titiriteiro Anxo García. Excepto e Mari Carmen Lavandeira todas e todos participaron xa na primeira Biblioteca Vivinte.

- Un novo **Café da Memoria**, programa comezado polo DEAC en 2008, celebrouse o 17 de novembro. Dedicado ás **gandeiras**, contou con tres mulleres pertencentes a esta profesión que protagonizaron unha palabra que, unha vez máis, foi moi exitosa en canto a público e resultados. Pilar Camba, Marina Rei e Pilar Guimarei, moderadas por Lara Barros Alfaro, protagonizaron este café que pechou a tempada de actividades do DEAC para 2016.
- VI edición de "A voltas co baile" na que, co gallo do 40 aniversario do Museo, queremos celebrar o cometido que a entidade asumiu e exerce desde a súa fundación: recompilar, salvagardar e devolver á sociedade o patrimonio cultural que a súa colección alberga. Por este motivo, o programa desta xornada, contando con Carolina Hernández, Mercedes Peón e Luís Prego, estará dedicado aos 40 anos de recompilación do baile tradicional, pondo o foco de atención naquelas persoas e agrupacións que se envolveron na busca, recompilación, salvagarda e divulgación desta parte importante do noso patrimonio inmaterial.
- A celebración do Entroido concretouse en dúas actividades. O 15 de febreiro con Entroidanzas, obradoiro de danzas de Entroido de distintas partes do mundo impartido Montse Rivera. O Día 24 celebrouse unha conferencia da antropóloga Paula Godinho, da Facultade de Ciencias Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa, que falou de "Entroidos galegos, entre procesos longos, emblematicizacións e o riso: o caso de Vilariño de Conso".

O DEAC continua a funcionar como lugar de prácticas para alumnado de titulacións universitarias e ciclos superiores de formación profesional sendo requirido tamén para colaborar en proxectos sobre educación e patrimonio. En verán saíu do prelo de Trea editorial, o libro "**Acción educativa en Museos. Su calidad desde la evaluación cualitativa**" coordinado pola doutora Roser Calaf e Miguel Suárez da Universidade de Oviedo. O Museo do Pobo Galego conta con un capítulo escrito por Ana Estévez Lavandeira. A técnica do Museo participou tamén nunha das mesas de experiencias do **VII Simposio Internacional de Didáctica das Ciencias Sociais** que este ano celebrouse en Santiago.

Na xestión da **difusión a través das redes sociais**, da que se está a encargar a responsable do DEAC, procúrase activar todos recursos posibles para fidelizar e chegar a novos públicos, e para seguir medrando e xerando interese nas audiencias. Neste sentido as páxinas de Facebook e Twitter do Museo están resultando de moita utilidade como medio de comunicación.

MEDIOS	AÑO APERTURA	SEGUIDORES
Facebook	2010	7 595
Twitter	2013	4 885

No uso do márketing de contidos para medios sociais este ano desenvolvéronse varias accións das que podemos destacar dúas: a participación por segundo ano consecutivo, na **Museum Week** ou Semana dos Museos en Twitter. Esta iniciativa dos museos europeos conta coa participación de multitude de entidades de todo o continente que, durante esa semana e baixo unha temática diferente cada día divulgan información e dialogan cos usuarios e usuarias a través de Twitter.

A outra acción a destacar foi a campaña de captación de persoas sociais **Teño un museo**. A campaña ten o seu punto forte na idea dun museo de todas e todos, nas fotos de Tino Viz e nos textos de Arancha Estévez. Divulgada principalmente nas redes sociais, pode verse ao completo no *blog* que leva o mesmo nome da campaña "Teño un museo". Durante os meses de xaneiro e febreiro tivo unha presenza notoria das rúas de Santiago, mercé á colaboración do Concello que cedeu para este efecto unha serie de elementos expositores en puntos clave da cidade. Agora, os retratos están distribuídos no claustro e o Día das Letras Galegas exhibíranse en Vilanova das Infantes, na Romaría á que xa fixemos alusión.

6. OUTRAS ACTIVIDADES

Entre o 17 e o 19 de novembro desenvolveuse o simposio **REPENSANDO GALIZA: AS IRMANDADES DA FALA (1916-1931)**, organizado polo MPG xunto coa revista de historia Murguía e o grupo de investigación lingüística e literaria Illa, e co patrocinio da Secretaría Xeral de Política

Lingüística da Xunta de Galicia. O simposio organizouse en varias seccións: Ideoloxías e programas, Organización e Acción política, Lingua, Literatura e Medios de comunicación, Economía e Sociedade, Cuestións de xénero, Ciencias, Artes plásticas e Música, e Relacións exteriores. Pechouse cunha sesión de análise comparativa e celebrouse no Auditorio de Galicia un concerto da obra *Tres Estampas Galegas*, con texto de Leandro Carré e música de Mauricio Farto, interpretada polo coro Gaos, orquestra de vento e solistas, baixo a dirección de Julio Cabo.

O 24 de novembro celebrouse un acto académico en memoria do noso patrón e vicepresidente, o prof. Dr. Fernando Acuña Castroviejo. Foi presentado polo presidente do Padroado e o director do Museo, que deron paso ás intervencións de Manuel Martín-Bueno, Felipe Arias Vilas, Raquel Casal, Teresa Soeiro e Carlos Acuña en representación da familia. Xosé Ramón Fandiño recitou o poema de Bouza Brey dedicado aos mozos arqueólogos galegos.

Teño unha peza. Este programa, que responde a unha iniciativa da patroa Mercedes Rozas e a socia Pilar Sampedro, iniciouse no mes de xaneiro coa intervención de Suso de Toro. En febreiro interviñeron Pepe Carreiro e Sés. En marzo, Encarna Otero. En abril, Jorge Mira. En maio será a vez de Tareixa Navaza, e continuará mensualmente coa participación de Vero Boquete, Roberto Leal, Rubén Aramburu, Lidia Senra, Elena Ferro e Luz Darriba.

O Museo do Pobo Galego uniuse o 9 de marzo aos actos conmemorativos do Día da Muller (8 de marzo). Inma López Silva dirixiu unha lectura coral de textos, escollidos entre os documentos da Biblioteca da institución, e estará acompañada por Encarna Otero, Elsa Pereira, María Couceiro e Daniel Asorey. A parte musical foi unha colaboración do grupo De Vacas.

O día 8 de abril tivo lugar a recepción da Medalla de Ouro ao Mérito ao Traballo, concedida en 2016 á Federación de Redeiras Artesás de Galicia “O Peirao” polo Goberno español, en premio ao seu esforzo para lograr o recoñecemento profesional e a igualdade de dereitos no traballo, así como a achega do colectivo ao patrimonio cultural de Galicia.

7. MUSEO ACOLLE

Entre as actividades organizadas neste período por entidades alleas, salienta a organización do XXI Foro España-EEUU

O Museo acolleu tamén xuntanzas e actos organizados polo Concello de Santiago, o Seminario Galego de Educación para a Paz, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Mesa pola Normalización Lingüística, a Sociedade Galega de Historia Natural e a Asociación de Gaiteros Galegos, entre outras. A Real Academia Galega trouxo ao noso auditorio dúas sesións dos actos conmemorativos do centenario das Irmandades da Fala). A Xunta de Galicia tamén utilizou as nosas dependencias como apoio ao acto de entrega das Medallas Castelao.

Celebráronse así mesmo presentacións de libros e discos, a xuntanza do xurado do certame do traxe galego, e unha sesión do encontro Compostela Ilustrada.

O Museo acolleu dous cursos: un de ética aplicada á acción socioeducativa, organizado polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia; e outro da Asociación Profesional de Guías Turísticas sobre as paisaxes de Galicia, claves de interpretación.

O Festival Atlántica de Narración Oral celebrou en marzo dúas sesións no Museo, e entregounos a cornamusa de honra en recoñecemento polo labor de catro décadas en prol da conservación do patrimonio inmaterial.

Tamén os medios de comunicación, en particular as produtoras que traballan para a TVG, utilizan con frecuencia os espazos do Museo para gravaren entrevistas e programas culturais.

8. INSTITUTO DE ESTUDOS DAS IDENTIDADES

8.1 Foros do IEI

A próxima semana celebrarase a primeira sesión dos foros *O noso pobo. De hoxe noutros corenta anos*, que se desenvolverán deica o mes de decembro con periodicidade mensual. Coordinan a organización os patróns Justo Beramendi, Manuel Blanco, Xosé Manuel González Reboredo e Lino Lema, e contan co patrocinio do Parlamento de Galicia.

8.2 APOI

Continúa regularmente o traballo cos materiais do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade. Ende mal, os recursos dispoñibles non se incrementaron, polo que o labor de dixitalización, edición, estudo etnomusicolóxico e publicación, que coordina en solitario a patroa Concha Losada, non puido intensificarse na medida en que o faría necesario o constante incremento dos fondos achegados desde diversas fontes.

D^a Dorothé Schubarth segue vindo regularmente a Compostela para traballar coa patroa Concha Losada na organización do seu arquivo, categorías, indexación, etc., e actualizando cuestións pendentes. Por exemplo, incorporando os contos recompilados nas súas recollidas e que aumentarán o arquivo non musical.

Como culminación dun laborioso e custoso traballo, desde o mes de abril está xa en funcionamento O novo APOI, un repositorio dixital do patrimonio inmaterial do Museo do Pobo Galego, ofrecerá ademais dos rexistros de música tradicional de que viña dispoñendo ata agora, pezas non musicais de valor antropolóxico. Concha Losada e o etnomusicólogo Sergio de la Ossa fórono presentar nun seminario celebrado no País Vasco, convidados polo recoñecido folclorista Juan Mari Beltrán.